

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE INTERESE SOCIAL: SOCORRISTA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN DA MESMA

1. O obxecto desta convocatoria é a selección de 1 traballador/a desempregado/a como persoal laboral temporal para a realización de traballos de interese social por prazo máximo de **dous meses de duración**, para a realización de actuacións de Socorrista dentro do Servizo Municipal de Salvamento e Socorrismo, de conformidade coa subvención concedida pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo de Emprego e economía social de Ourense, por Resolución de data 15.06.2020, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020.

As funcións a desenvolver como socorrista, serán as seguintes:

- Supervisar o cumprimento e utilización das instalacións.
- Atención ó usuario.
- Auxiliar en caso de accidente.
- Previr ós bañistas sobre as normas de seguridade, saúde e hixiene da piscina segundo a normativa vixente e sempre de forma educada.
- O socorrista debe poder ser identificado como tal en todo momento.
- Realizar a limpeza do fondo do vaso (pasar o limpa-fondos) 25 minutos antes da apertura ó público.
- Manter ordenada e limpas as zonas comúns e en xeral o lugar de traballo
- Rexistrar anotacións de PH e cloración da auga no rexistro sanitario.
- Poderá impartir Clases de Natación ou outras actividades análogas, sempre coa autorización correspondente.

Obrigas do socorrista:

- Notificar inmediatamente calquera inspección sanitaria.
- Debe evitar comportamentos que poidan interferir co bo desenvolvemento do traballo (música cascos , lectura , fala de costas para o vaso da piscina , etc ...)
- O socorrista é responsable do xogo de chaves da instalación acuática. Unha vez finalizada a relación laboral, queda obrigado a entregalo ou mantelas ata que lles sexan requiridas.



- En caso de accidente grave, chamar ao teléfono de emerxencias 112.
- O socorrista non debe abandonar o posto de vixilancia baixo ningún pretexto, excepto en caso de atender a un accidentado ou sendo relevado por outro técnico de salvamento, pero sempre comunicándoo de antemán.
- Cumprirá cos horarios establecidos de apertura, cando o requiran as instalacións e segundo o criterio do encargado da instalación.
- Non poderá abandonar o posto de vixilancia en caso de inclemencias meteorolóxicas sen permiso expreso de persoa con autoridade suficiente.
- Manter ordenado o cuarto de caixa de primeiros auxilios, así como, coidar o maletín de primeiros auxilios e o estoxo analizador do control da auga.
- Para salvagardar a saúde dos usuarios e tomar as correspondentes medidas preventivas fronte ao COVID-19, atenderase en todo caso as recomendacións sanitarias mínimas para a apertura das piscinas definidas no Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, co fin de minimizar o potencial de transmisión do COVID-19 e proporcionar un ambiente seguro e saudable nestas instalacións:
<https://rfess.es/wp-content/uploads/2020/05/recomendacionesAperturaPiscinas-1.pdf>

As recomendacións da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo:
<https://rfess.es/wp-content/uploads/2020/06/Recomendaciones-para-actuar-frente-a-la-COVID19-en-actividades-relacionadas-con-el-salvamentoy-socorrismo-19-de-junio-de-2020.pdf>

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, o contrato a formalizar é de duración determinada na modalidade de obra ou servizo e a tempo completo e interese social, de duración máxima 2 meses, establecéndose un período de proba de 15 días.

As retribucións mensuais axustaranse á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, en base á orde da convocatoria da subvención, que en todo caso, nunca será inferior ao salario mínimo interprofesional.

2. De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e en coherencia coa necesidade urxente que marca a concesión de subvención, o procedemento tramítase de urxencia.

SEGUNDA.- TIPO E DURACIÓN DA PROVISIÓN

Os/as aspirantes que, tralo remate do proceso selectivo, obteñan a maior puntuación serán propostos polo tribunal de selección para a súa contratación.

Os contratos de traballo subscritos extinguiranse, en todo caso, coa realización das actuacións que motivan a subvención mencionada que están fixadas nun prazo máximo de ata 2 meses.

TERCEIRA.- SISTEMA SELECTIVO

A selección realizarase mediante a **presentación de oferta de emprego** na oficina pública de emprego, **tal e como esixe o artigo 14 das bases que regulan a orde de subvención**, e sobre todo **atendendo aos criterios de preferencia establecidos na orde de convocatoria de subvención e tamén as presentes bases**.

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



- Figurar como desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.
- No caso de mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional menores de 30 anos, persoas paradas de longa duración, persoas con discapacidade, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito, persoas desempregadas maiores de 45 anos, integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, **deberán acreditar a súa condición.**

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

- Estar en posesión de título habilitado para o desenvolvemento da función de socorrista e estar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

2. Os anteriores requisitos deberán reunirse en todo o proceso selectivo.

3. **Os/as traballadores/as que foran contratados/as por un período igual ou superior a 6 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, NON poderán ser contratadas ao abeiro do establecido no artigo 14.2 da orde de convocatoria.**

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

A orde de convocatoria de subvención establece no seu artigo 14.3. que a entidade beneficiaria da subvención **solicitará os traballadores e traballadoras que necesite mediante presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego**, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado e respectando a preferencia establecida no artigo 14.5 da Orde de convocatoria de subvención.

Deberanse cumprimentar os anexos facilitados nestas bases, acompañados en todo caso da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- Copia do título académico.
- Documento que acredite a súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Currículo Vitae facilitado pola Oficina de Emprego e/ou persoal, e informe de Vida Laboral.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados conforme á base sétima.

Os méritos deberán acreditarse con copia cotexada de ditos documentos. Non se valorarán aqueles méritos que non sexan alegados e acreditados polos aspirantes, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados no baremo que figura na presente convocatoria.

O tribunal constituído para tal fin, valorará aos candidatos propostos pola Oficina de emprego e procederá á súa contratación.

O prazo para presentar toda a documentación no Rexistro do Concello será o comprendido entre os días 25 e 26, en horario de 09:00 ata 14:00hrs.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en relación co texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva. Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

2. O Tribunal calificador estará constituído por:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaria/o (titular e suplente): un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida, que actuará con voz pero sen voto.
- Vogais (titulares e suplentes): Dous empregados públicos pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Representante sindical que actuará como observador no tribunal de selección con voz pero sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de dous de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

4. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

5. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

6. O tribunal non poderá declarar que superaron a puntuación máxima un número superior de aspirantes ó da praza convocada.

SÉTIMA.- FASE DE VALORACIÓN DE CONCURSO DE MÉRITOS (10 puntos)

Preferencia os colectivos desfavorecidos que figuran no artigo 14.5 da Orde de convocatoria de subvención, so no caso de que non haxa persoas destes colectivos, serán valorados os outros demandantes de emprego.

1.-SITUACIÓN DE DESEMPREGO (puntuación máxima 4 puntos)

Pola inscrición acreditada como demandante non ocupado e estar dispoñibles para o emprego 0,05 puntos/mes ata o máximo indicado.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.

2.-FORMACIÓN: (puntuación máxima 6 puntos)

- Cualificación superior á requirida relacionada co posto: 2 punto
- Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionada co posto de traballo e funcións a desempeñar:
 - Cursos de ata 20 horas: 0,50 puntos
 - Cursos de 20 a 100 horas: 1 puntos
 - Cursos de mais de 100 horas: 1,50 puntos

A formación acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas do curso de formación. De non establecerse o número de horas non se valorará a formación.

Non se valoran xornadas, conferencias, seminarios etc.

A acreditación de méritos será imprescindible entregala no momento da solicitude para a súa posterior valoración polo tribunal.

Os méritos que non se consideren suficientemente acreditados a través da documentación presentada coa solicitude, non serán valorados polo Tribunal.

OITAVA.- CONTRATACIÓN

A proposta do tribunal cualificador será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

Os aspirantes que resulten seleccionados deberán presentar antes da formalización do contrato a seguinte documentación:

-Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das

administracións públicas, e de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

-Certificado médico de non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os traballadores os postos estes non teñen dereito a percepción económica algunha.

A proposta elevarase á Alcaldía para que, proceda a contratación dos aspirantes.

NOVENA.- DURACIÓN, XESTIÓN E REVOCACIÓN DOS NOMEAMENTOS OU CONTRATACIÓNS.

A duración da contratación laboral deste proceso de selección será como máximo de 2 meses.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DESTES CRITERIOS

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para o mellor desenrolo do proceso selectivo en todo ó non previsto nestas bases.

Estes criterios sempre estarán de acordo coa Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 e, ante calquera dúbida, recorrerase á devandita Orde.

En Viana do Bolo, 23 de xuño de 2020.
O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.

ANEXOS

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección como persoal laboral temporal, de un socorrista para a realización de traballos de interese social por un prazo máximo de dous meses de duración para a realización de actuacións de Socorrista dentro do Servizo Municipal de Salvamento e Socorrismo, de conformidade coa subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de chamamento da Oficina de Emprego de Viana do Bolo.

DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Viana do Bolo e as especialmente sinaladas na convocatoria.

DATOS PERSOAIS

DNI: _____ NOME E APELIDOS: _____
TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIJO/TELÉFONO MÓBIL: _____
CORREO ELECTRÓNICO: _____
DOMICILIO ENDEREZO: _____
CONCELLO CÓDIGO POSTAL PROVINCIA: _____
..... de de 2020.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de:

- A. • Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- B. • Fotocopia compulsada da titulación esixida para o posto que aspira.
- C. • Currículo Vitae facilitado pola Oficina de Emprego ou persoal.
- D. • Documento que acredite a súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- E. • Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados conforme á base sétima e relacionados no Anexo III.
- F. • Declaración de incompatibilidades Anexo II.

PROTECCIÓN DE DATOS: De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámoslle de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Viana do Bolo, con domicilio social en Rúa Constitución, 14, 32550 Viana do Bolo (Ourense). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ó enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI. Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a/ou cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección da bolsa de emprego (de ser o caso). Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa páxina web, aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección.

ANEXO II

DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES

D/Dona _____
con data de nacemento _____ con DNI nº _____ e con
domicilio en _____
(teléfono _____; correo electrónico _____)
_____) ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de
Viana do Bolo,

DECLARO baixo a miña responsabilidade,

Primeiro.- Non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade, aos efectos previstos no artigo dez da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Segundo.- Non vir desempeñando ningún posto o actividade no sector público nin realizo actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade, aos efectos do artigo 13.1 do Real Decreto 598/85, de 30 de abril.

Terceiro.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Cuarto.- Non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ó posto de traballo.

E para que conste aos efectos de solicitude do/s posto/s de traballo ofertados, firmo a presente declaración, en _____ o ____ de _____ de 2020.

Asdo.: _____



ANEXO III

DOCUMENTOS ÓS EFECTOS DA SÚA VALORACIÓN NA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS, SEGUNDO O ESTIPULADO NA BASE SÉTIMA

D/Dona _____
con data de nacemento _____ con DNI nº _____ e con
domicilio en _____
(teléfono _____; correo electrónico _____)
_____ ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de
Viana do Bolo, ACHEGO a seguinte documentación:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

En _____ o _____ de _____ de 2020.

Asdo.: _____

